



INFORME XURÍDICO

UNIDADE SOLICITANTE:	DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS E RÉXIME INTERIOR
DATA DA SOLICITUDE:	5 de maio de 2014.
ASUNTO:	PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFETERÍA DO PARLAMENTO DE GALICIA MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO

Visto o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación administrativa “para a xestión e explotación do servizo de cafetería do Parlamento de Galicia mediante procedemento aberto”, infórmase que o mesmo axústase ao disposto no Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público (TRLCSP), e á demais normativa aplicable en materia de contratación administrativa.

En consecuencia, considérase que o devandito prego é apto para regular o contrato que no seu día se formalice, debendo terse en conta o seguidamente exposto.

De igual xeito que en contratacións anteriores do servizo de cafetería, o contratista ademais das cantidades percibidas polos usuarios, tamén percibirá da Administración anualmente a cantidade de 104.500€(IVE engadido). Este pagamento poderá efectuarse en base ao principio de liberdade de pactos consagrado no artigo 25 do TRLCSP cando existan razóns suficientemente motivadas que deberán constar no expediente, e sempre que non sexa contrario ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa Administración. En todo caso, será este prezo, o pagado pola Administración, o que debe ser considerado como prezo do contrato, toda vez que a relación contractual establécese unicamente entre a Administración e o contratista.

Obsérvase que no punto 16 do cadro de especificacións non figura o prezo como criterio de valoración. A este respecto cómpre sinalar que o precio ha de ser o criterio de valoración por excelencia, e de acordo co disposto no artigo 150 do TRLCSP cando só se utilice un criterio de adjudicación éste ha de ser o do prezo máis baixo. Sen embargo, cando se utilice máis dun criterio a Lei non obriga expresamente a que o prezo sexa un deles. Non obstante, conforme á doutrina da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (Informe28/95), debe considerarse excepcional a ausencia de prezo como criterio de adjudicación, polo que neste caso deberán consignarse no expediente as razóns que xustifiquen a súa exclusión, e nas que necesariamente deberá primar o interese público.



Ao expediente de contratación deberá incorporarse o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Dirección de Intervención Xeral e Asuntos Económicos.

Completado o expediente de contratación ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 110 do TRLCSP).

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2014

A letrada

María Aneiros González